

UNHA MIRADA Ó ACOLLEMENTO FAMILIAR

No Documento de Trabajo “CRITERIOS DE COBERTURA, CALIDAD Y ACCESIBILIDAD EN ACOGIMIENTO FAMILIAR (D.A. 3ª LEY 26/2015) Aprobado en la reunión de comisión delegada de Servicios Sociales celebrado el 2 de octubre de 2019, elaborado pola Dirección General de Servicios para las Familias y la Infancia, de la Secretaría de Estado de Servicios Sociales, del Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social”, na que Galicia participou, recóllense unha serie de Dereitos e Deberes das Familias Acolledoras. Así mesmo, inclúe varias medidas, entre as que se atopan o fomento do Acollemento Familiar e o fomento do Asociacionismo das persoas e Familias Acolledoras. Facendo unha recensión directa recollida na lei:

(...) 2. Elementos esenciales de los procedimientos de acogimiento familiar: valoración de aptitud educadora de las familias; compensación económica, para el acogimiento especializado como para el ordinario, con especial atención a las necesidades derivadas del acogimiento de menores con discapacidad; medidas de fomento y apoyo al acogimiento familiar; campañas informativas; fomento del asociacionismo de las personas y familias acogedoras.

A FORMACIÓN

Preténdese difundir o acollemento familiar como o mellor recurso para a protección á infancia e adolescencia en situación de desamparo ou risco, tendo un compromiso así co programa de sensibilización social e captación de posibles persoas e familias acolledoras.

Poñer en valor o traballo das familias acolledoras, apoiadas e coidadas, é garantía de continuación e éxito para que os menores en desprotección crezan coa maior estabilidade física e emocional. Permite darlles a posibilidade dun modelo de familia estruturada e normalizada, con figuras seguras de referencia, nun ambiente de afecto e sostén.

DATAS E HORARIOS

Data: 1 de xuño

Horario: 16:30 a 20:30 h

LUGAR

Ceesg

Rúa Lisboa 20, Baixo C, Santiago de Compostela

[Ver localización](#)

INSCRICIÓNS

A formación é gratuíta, con inscrición previa a través da web www.ceesg.gal.

As prazas adxudicaranse por orde de inscrición, para colexiadas/os do Ceesg e estudantes amigas/os do Ceesg.

Prazas limitadas.

CONTIDOS

1. **Análise de leis que afectan ao acollemento familiar**
2. **Presentación do sistema de protección de menores.**
3. **Emocións e necesidades concretas dos diferentes sistemas que interveñen no acollemento familiar.**

CERTIFICACIÓN

Certificado de asistencia emitido polo Ceesg, que se enviará por correo-e en formato pdf despois de ter finalizado o curso.

ORGANIZA



IMPARTE



COLABORA



Sobre Acougo

A Asociación Galega de Familias de Acolliada, ACOUGO, nace das necesidades dun grupo de familias que se queren involucrar en maior medida na defensa dos dereitos das persoas menores de idade que están no sistema de protección público. Por isto acordan asociarse e así establecer un marco organizado e formal para colaborar e apoiar a Administración e a outras entidades integrantes no sistema formal que traballa en prol dos menores. Todas e cada unha das partes integrantes neste sistema son necesarias para velar polos dereitos e intereses das persoas en xeral, e das máis vulnerables, en particular (incluíndo as familias de orixe).

Consideran necesario que as familias acolledoras teñan unha representación formal específica debido á súa particular idiosincrasia e para poder participar de xeito activo e organizado, sobre todo, por non existir a día de hoxe unha Asociación en toda a nosa comunidade que se ocupe de representar as Familias Acolledoras en exclusividade.